

O arte galego instálase en Damasco

Xosé Freixanes ultima en Granada unha obra de gran formato con poemas de Cunqueiro, Valente e Pexegueiro que ocupará a sala central do Khan Asad Pacha

Camilo Franco

SANTIAGO


■ O título da obra, *Voces de basalto negro*, sinala a intención de Xosé Freixanes de volver a xogar coas palabras, cos seus conflitos e os seus ritmos. A peza ocupará, desde o 23 de maio, o centro cultural Khan Asad Pacha, en Damasco.

Colocada no chan dunha sala central do edificio da capital siria, a peza de Xosé Freixanes quere ligar as palabras de dúas culturas. Cinco poetas occidentais, tres deles galegos, e outros seis poetas árabes. A combinación das diferentes expresións, segundo o pintor, «concede a esas palabras uns significados novos, establecen entre elas relacións impensables para a escrita inicial».

Os tres autores galegos son José Ángel Valente, Álvaro Cunqueiro e Alfonso Pexegueiro. Antonio Gamoneda e Chantal Maillard completarán o quinteto. Por parte árabe, os poetas participantes serán o marroquí Abdelkebir Khattibi, os sirios Ali Ahmad Said, Mohammad al Maghut e Nizar Kabbani, o iraquí Badr Shakir al Sayyab e o palestino Mahmoud Darwish.

Tradición

A peza central estará realizada en fariña de pó de arroz sobre a que se caligrafiarán os poemas con basalto negro. Xosé Freixanes sinala: «Tiven en conta a tradición do branco e negro da cultura



**Fragmentsos de poemas
formarán o chan do patio**

otomana». A instalación está sendo preparada estes días en Granada e se montará en Damasco en maio.

Un vídeo recollerá todo o proceso de traballo, desde a elaboración das planchas que se está realizando en Granada ata a súa colocación en Damasco.

Este material audiovisual tamén incorporará as salas que completarán a instalación nese edificio que data do século XVII e que foi recuperado para centro cultural. Na mesma produción audiovisual se deixará constancia da calidade do traballo dos calígrafos libios que están colaborando con Freixanes na escrita e na tradución dos poemas en árabe.

A peza *Voces de basalto negro* ocupará unha sala que só poderá ser vista desde unha galería situada un piso por riba. A ese corredor dan 26 habitacións do edificio que foi noutro tempo residencia



Aspecto que terá a peza, según unha montaxe virtual

de comerciantes. Esas habitacións están incorporados á peza: unhas serán habitacións de silencio; outras serán habitacións do ruído e nelas escoitaranse pasos gravados en Madrid e Damasco, e aínda haberá outro grupo de cuartos denominados habitacións do verso, no que se escoitarán as voces dos poetas seleccionados falando no seu idioma respectivo

Gran obra

Na peza de Xosé Freixanes traballan cerca de 50 persoas para elaborar os 200 paneis que viaxarán a Damasco

e que, unha vez alí, serán montados coa colaboración dos alumnos de escolas de deseño e escenografía.

A peza inaugurárase o 23 de maio nas xornadas de cultura galega que o Instituto Cervantes e a Secretaría Xeral de Política Lingüística celebrarán tras a recente apertura da Biblioteca Álvaro Cunqueiro de Damasco.

A instalación permanecerá nese novo centro cultural ata mediados do mes de xullo, completando así as actividades que o mundo da cultura galega desenvolverá na capital de Siria.